

**Acta núm. 02/2024.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 30 de xaneiro de 2024.**

ASISTENTES:
José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira (incorporase ás 14:10 horas e auséntase ás 14:20).
Non asiste: Sandy Marie Cebal Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 30 de xaneiro de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretaria María Dolores Torrado Ares, secretaria accidental do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 01/2024, DO 16/01/2024.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).
- 6º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 7º) PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA ACORDANDO A CONTINUIDADE DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
- 9º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 01/2024, DO 16.01.2024.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 16.01.2024, acta núm. 01/2024.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Agustín Santiago Concheiro Riande que di actuar en representación de JONATAN MOLINA OBISPO, na que comunica que vai facer obras de mellora das condicións de illamento térmico do espazo baixo cuberta para a mellora da eficiencia enerxética da vivenda sita no lugar de Coruxido nº 53 – Bastavales, segundo a memoria e documentación técnica asinada polo arquitecto Agustín Concheiro Riande, consistentes en:

- Mellorar as condicións de illamento térmico no trasdós da cuberta e sobre a tabiquería perimetral do espazo baixo cuberta.
- Instalar 3 ventás nos faldóns da cuberta, tipo Velux ou similar, a fin de mellorar as condicións de ventilación e iluminación deste espazo, sen uso urbanístico asociado.
- Instalar unha escaleira de madeira para o acceso a este espazo desde a planta baixa.

A parcela (referencia catastral 7601207NH2470S0000RW) na que se pretende executar a obra atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 293,31 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 357,88 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Francisco Javier Amenedo Ansedo, que di actuar en representación de JOSÉ LUIS SANTOS SÁNCHEZ, na que comunica que vai acondicionar unha nave existente en Chave de Ponte, para destinala a taller de reparación, almacén de maquinaria agrícola (uso industrial) e zona de venta (uso comercial), segundo proxecto asinado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansedo en data 27.11.2023.

O acondicionamento pretendido é para manter o uso preexistente (industrial), que contaba con licenza para a súa construción outorgada no ano 1964.

A nave onde se van executar as obras (referencia catastral 8812101NH2481S0001UQ) sitúase en solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Unha vez rematadas as obras de acondicionamento do local, con carácter previo ao inicio da actividade, deberá presentar a oportuna comunicación previa de actividade, de acordo co establecido ao respecto pola Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, acompañando a seguinte documentación:

- Documento acreditativo do final de obra asinado polo redactor do proxecto de acondicionamento.
- Informe favorable da empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga potable e saneamento (Espina & Delfín).
- Certificado homologado da medición de ruídos.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 355,42 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 419,99 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ e LUCÍA IGLESIAS PORTEIRO, na que comunican que van instalar un emparrado de madeira (6 vigas de 6 metros de longo) entre as dúas vivendas sitas en Lamiño 55 e 56 – Brión, deixando unha separación de tres metros ao lindeiro traseiro de ámbalas parcelas.

As edificacións (referencias catastrais 6760715NH2466S0001MI e 6760716NH2466S0001OI), aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2). A aldea de Lamiño atópase integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM e identificada coa clave: BE6, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovacións urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

O Sr. Concelleiro José Antonio Vidal González abstense no debate e votación deste asunto ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 36,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 100,57 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalar un centro de seccionamiento prefabricado telecontrolado a emprazar na zona dianteira axardinada da piscina municipal, para os efectos de mellorar a seguridade e calidade do servizo de subministro eléctrico na zona, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico industrial Victoriano González Lemos e que conta con visado colexial de data 05.05.2023, (Expte. 22301052).

A parcela (referencia catastral: 6559444NH2466S0001AO), na que se van executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo urbano, cualificado como EQUIPAMENTO DEPORTIVO, e sitúase dentro da zona de policía de leitos do rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 25.09.2023 (clave DH.W15.94192), da resolución da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Industria e Innovación de data 28.12.2023 (Expediente: IN407A 2023/286-1) e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 1.793,85 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 717,54 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 782,11 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por María Lourdes Peñalver Martínez, que di actuar en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU, na que solicita licenza para reforzar a liña existente, intercalando aos efectos un novo poste de fibra, para dar subministro de rede de telefonía á vivenda sita en Estrar nº 21 – Os Ánxeles, segundo a documentación técnica redactada polo enxeñeiro técnico industrial Alfonso Goday Otero en data 10/01/2024.

A parcela á que se pretende dar o subministro de telefonía (referencia catastral 7139234NH2474S0001UW) está clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza para as áreas consolidadas pola edificación na zona leste (Ordenanza nº 8 NRL1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 120,00 €, que o interesado/a deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por IVAN MOSQUERA CID na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en O Cabo 26- Os Ánxeles.

Con data 04/05/2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Eva Nieto Caamaño e Iván Mosquera Cid, para construír unha vivenda unifamiliar e piscina no Cabo 26, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Iria Comojo Gómez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20.10.2020 e documentación complementaria visada o 07.04.2021.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado pola arquitecta Iria Comojo Gómez con data 04.10.2023, visado polo Colexio oficial correspondente con data 19.10.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por SONIA VÁZQUEZ PÉREZ na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Guitiande 50, Os Ánxeles.

Con data 01/03/2008 a Comisión de goberno outorgou licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar (SS+B+BC) segundo o proxecto asinado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do Certificado final de obra asinado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra, en data 21.12.2012, visado polo Colexio oficial de arquitectos con data 07.02.2013, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 519,44 euros.

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 616,29 euros.

QUINTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DANIEL RIBEIRO BARBOSA DE OLIVEIRA, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de escola hípica situada no lugar de Tembra - Boullón. A actividade viña funcionando anteriormente a nome de José Ramón Barbazán Agrafojo, e preténdese poñer a nome de Daniel Ribeiro Barbosa de Oliveira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de escola hípica situada no lugar de Tembra – Boullon, a nome de Daniel Ribeiro Barbosa de Oliveira, DNI: ***6636**.

SEXTO .-LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Miguel Ángel Salgado Sánchez, que di actuar en representación de SEGUNDO RAMÓN BARREIRO LÓPEZ, na que solicita licenza para a construción de 5 cabanas e rehabilitación de edificación e alpendre tradicional, destinados a campamento de turismo de cabanas ("cabanas do río pego") en Vilanova – Os Ánxeles, segundo proxecto técnico asinado polo arquitecto Miguel Ángel Salgado Sánchez, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 20.11.2023 e 14.12.2023 (expte. 2305857).

As parcelas onde se pretende executar as obras (referencia catastrais núm. 7642805NH2474S0001KW 15013A038005490000UY, 15013A038005500000UA, 15013B505007030000MG e 15013B505007040000MQ) están clasificadas parte como solo de núcleo rural (1.288 m²) séndolle de aplicación a ordenanza núm. 8 do PXOM (NRL-1) e parte como solo rústico de especial protección agropecuaria e de augas (4.222,00 m²), dentro da zona de protección de leitos do rego de Sanín.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe sectorial da Consellería do medio rural, de data 24.07.2023, a autorización de Augas de Galicia (Expte. DH.W15.92882) e o informe potestativo previo para a instalación de campamento de turismo "Cabanas do río Pego" para unha estrela, emitido pola Xunta de Galicia, asinado o 19.04.2023, no que se comproba o proxecto e se recollen as condicións a cumprir para o desenvolvemento da actividade; e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto técnico asinado polo arquitecto Miguel Ángel Salgado Sánchez, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 20.11.2023 e 14.12.2023 (expte. 2305857).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, na parte de solo de núcleo rural, (107,05 m² asinado en documento administrativo), que implica pavimentación, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 € con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para o inicio da actividade, segundo o disposto na Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Farase constar no Rexistro da Propiedade que a totalidade da superficie das parcelas catastrais 7642805NH2474S0001KW, 15013A038005490000UY, 15013A038005500000UA, 15013B505007030000MG e 15013B505007040000MQ (5.510 m²) á superficie do uso de Campamento de turismo de cabanas, 650,60 m² ; segundo o disposto no artigo 39.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

A vinculación será nos seguintes termos:

1. Superficie da parcela: 5.510 m².
Uso autorizado: Campamento de turismo de cabanas.
Superficie edificable: 650,60 m².
2. Vinculación da total superficie real da finca ás construción existentes que se rehabilitan e as novas construcións autorizadas.
3. Indivisibilidade da parcela.
4. Superficie máxima ocupada pola edificación en planta: 5,71 % en solo rústico e 25,16 % en solo de núcleo rural.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada, en solo de núcleo rural, de: 107,05 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2. da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 25 de xaneiro de 2024.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.996,00 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 822,93 euros.
- Total: 2.818,93 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Javier Amenedo Ansedo, que di actuar en representación de LUIS GARCÍA SIEIRO, solicitando licenza para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita na Avda. de Noia nº 34, segundo proxecto básico e de execución redactado e asinado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansedo, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia en data 03.07.2023 (Expte.: 2303579) e documentación complementaria visada o 12.12.2023 e 26.12.2023.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6649561NH2464N0001WD) aséntase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, a vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao o proxecto básico e de execución redactado e asinado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansedo, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia en data 03.07.2023 (Expte.: 2303579) e documentación complementaria visada o 12.12.2023 e 26.12.2023.
- No presente caso a fronte da parcela atópase urbanizada, cumprindo a parcela as condicións de solar, toda vez que a vivenda xa conta coas conexións ás redes de servizos urbanos existentes, e polo que non presente caso non se van a executar tampouco obras accesorias de urbanización nin de conexión aos servizos urbanos existentes. En consecuencia, non procede que se aporte garantía de obras de urbanización nin de conexión ás redes municipais existentes.

- A obtención da licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 801,57 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 106,64 euros.

Total: 908,21 euros.

SÉTIMO.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIO ALBERTO CASTRO BLANCO, na que solicita prórroga do prazo de inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar e legalización de edificación auxiliar en Bastavaliños 34 - Bastavales.

A Xunta de Goberno Local en data 01.08.2023 concedeu licenza de obras a María de los Ángeles Canosa Villaverde e Mario Alberto Castro Banco, para construír unha vivenda unifamiliar e legalizar unha edificación auxiliar en, Bastavaliños 34 - Bastavales, segundo proxecto de execución e legalización de edificación auxiliar asniado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05.05.2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o inicio das obras.

OITAVO.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA ACORDANDO A CONTINUIDADE DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Dada conta da resolución de alcaldía do 23.01.2024, que transcrita di:

ACORDO DE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

ANTECEDENTES:

1. O Concello con data 12.01.2022 asinou coa empresa SERVIZOS SOCIAIS ULLA - SAR, S.L., CIF: B-70091749, hoxe denominada ATTENDE CARE S.L., o contrato de servizos de axuda no fogar do Concello, cunha duración de dous anos, con efectos desde o día 13 de xaneiro de 2022, data de comezo da prestación do servizo, podendo ser obxecto dunha prórroga por un ano, nos termos previstos na cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas particulares, onde se sinala que a prórroga será obrigatoria para o empresario, sempre que o preaviso se produza polo menos con dous meses de antelación ao remate do prazo de duración do contrato, de conformidade co disposto no apartado 2 do artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

2. Non constando ningún escrito do adxudicatario no Concello alertando de posibles incidencias na execución do contrato, que puidesen levar a tramitar una prórroga do contrato con modificación contractual, por esta alcaldía considerando que non habería ningún impedimento por parte da empresa á formalización da prórroga, máxime tendo en conta a natureza tan sensible do obxecto deste contrato, con data 04.12.2023 ditou resolución aprobando a prórroga de doce meses prevista, que foi notificada ao adxudicatario con data 05.12.2023 a través do sistema electrónico notifica.gal

3. Con data 11.01.2024 ten entrada no rexistro do Concello (r.e. núm. 202499900000039) escrito da empresa no que sinala en resumo que non van asinar a prórroga do contrato por incumprimento do prazo de preaviso, e porque como consecuencia da inflación nun contrato no que os custos de persoal son a parte fundamental e que foron obxecto de revisión, solicitan que se modifique o contrato con efectos do 13.01.2024 de xeito que se incremente o prezo do contrato en hora ordinaria e festiva a 20.5 máis IVE.

Fundamentos de dereito:

O contrato está caducado polo que xa non se pode prorrogar legalmente; non obstante considerando que por razóns de interese público o Concello non pode deixar de prestar este servizo aos veciños, o que se xunta á necesidade da continuidade do servizo (e mentres non se seleccione ao novo contratista) que impón coactivamente a permanencia do anterior contratista.

En consecuencia, tendo en conta as mesmas consideracións a respecto da esencialidade do servizo e a necesidade de continuidade da prestación en base ao disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ao consideralo un servizo esencial.

Aínda que o período de vixencia do contrato ten transcorrido, se entende que por razón do interese público, cal é o mantemento dun servizo público esencial, é necesario, de non existir a tácita recondución no ámbito da contratación administrativa, que se acuda a esta vía que ampara ao Concello para acordar a continuidade da prestación do servizo ata que o novo contrato sexa adxudicado.

Neste caso, esta necesidade e urxencia é especialmente relevante, posto que as corporacións municipais non poden deixar de asumir as súas competencias en materia de servizo de axuda no fogar a dependentes e libre concorrência. Non pode esquecerse que non estamos ante un contrato de obra ou subministro cuxo cumprimento se perfecciona coa entrega, estamos ante un contrato de prestación de servizos que non pode suspenderse sen que se deriven diso consecuencias importantes para o interese público.

A lexislación contractual establece o principio de continuidade na prestación do servizo para os contratos de xestión de servizos públicos tras a entrada en vigor da Directiva 2014/24.

Nesta a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, establece no seu artigo 29.4, derradeiro parágrafo:

“” No obstante lo establecido en los apartados anteriores, cuando al vencimiento de un contrato no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación a realizar por el contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecimientos imprevisibles para el órgano de contratación producidas en el procedimiento de adjudicación y existan razones de interés público para no interrumpir la prestación, se podrá prorrogar el contrato originario hasta que comience la ejecución del nuevo contrato y en todo caso por un periodo máximo de nueve meses, sin modificar las restantes condiciones del contrato, siempre que el anuncio de licitación del nuevo contrato se haya publicado con una antelación mínima de tres meses respecto de la fecha de finalización del contrato originario o, tratándose de un contrato basado en un acuerdo marco o un contrato específico en el marco un sistema dinámico de adquisición, se hayan enviado las invitaciones a presentar oferta del nuevo contrato basado o específico al menos quince días antes de la finalización del contrato originario.””

Esta norma abre a posibilidade de que cando ao vencemento dun contrato aínda non se tivera formalizado o novo contrato ao finalizar o prazo concesional podería prorrogarse o contrato orixinario ata que empece a execución do novo contrato e, en todo caso, por un período máximo de 9 meses, sen modificar as condicións restantes do contrato.

Neste caso, non se da o suposto previsto na norma pois non foi publicado o inicio do expediente de contratación cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de remate do contrato orixinario; poren, é de interese público, tal e como se ten argumentado con anterioridade a continuidade da prestación do servizo, pois supón o exercicio dunha competencia irrenunciante para a administración, ademais do prexuízo que para o interese público suporía a suspensión da prestación, que podería derivar en graves problemas no municipio, posto que o Concello non dispón de medios materiais e humanos suficientes para poder facer fronte de xeito eficaz e eficiente a dita necesidade, razón pola que se tiña acordado a externalización de dita prestación.

Neste senso se ten pronunciado tamén a xurisprudencia do Tribunal Supremo en sentenzas como a de 18 de novembro de 1986, ó dicir: “ *Una situación excepcional en que denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, la administración por razones de interés público, unidas a la necesidad de continuidad del servicio -mientras no se seleccione al nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia de la anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la administración hace uso de las facultades que forman el contenido del “ius variandi”, con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público, como es el caso al tratarse de un contrato de limpieza...*”

Polo tanto, esta alcaldía considera que debe adoptarse o acordo de continuidade de prestación do servizo derivado do contrato por parte da empresa adxudicataria nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 12.01.2022, polo tempo imprescindible para a realización da adxudicación dun novo contrato.

Considerando que non se prexudican dereitos de terceiros e que esta ampliación ten carácter excepcional, e dada a urxencia do asunto, resolvo:

1º) Acordar a continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato de servizo de axuda no fogar, por parte da empresa ATTENDE CARE S.L., con CIF: B-70091749, nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 12 de xaneiro de 2022, desde o día 13.01.2024 ata o 13.05.2024, que se considera o tempo imprescindible para a realización da adxudicación dun novo contrato, agás que con anterioridade se produza a formalización do novo contrato, e todo elo coa ineludible contrapartida da compensación económica a favor do contratista, que poida tramitarse.

2º) Desta resolución darase conta á Xunta de Goberno Local para os efectos da súa ratificación.

3º) Notificar esta resolución ao contratista para o seu coñecemento e efectos, e comunicar igualmente á responsable do contrato.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Ratificar a resolución de alcaldía nos seus propios termos.

NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,30 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretaria dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

A secretaria accidental

María Dolores Torrado Ares,